

# TECENDO DEREITOS

## BASES DA CONVOCATORIA 3

PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DE DEFENSA, PROTECCIÓN E  
PROMOCIÓN DE DEREITOS A ORGANIZACIÓN DA SOCIEDADE CIVIL

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA .....	2
DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA CONVOCATORIA .....	2
QUEN PODE PARTICIPAR .....	2
PARTICIPACIÓN EN VARIAS CONVOCATORIAS DE TECENDO DEREITOS: INCOMPATIBILIDADES.....	3
MODALIDADES DE PRESENTACIÓN .....	3
REQUISITOS PARA SOLICITAR FINANCIAMENTO .....	4
PRAZO PARA PRESENTARSE Á CONVOCATORIA .....	5
DURACIÓN DOS PROXECTOS.....	5
NÚMERO DE PROXECTOS QUE SE PODE PRESENTAR .....	5
PRIORIDADES TEMÁTICAS DA CONVOCATORIA.....	5
QUE TIPO DE ACTIVIDADES SE PODEN FINANCIAR .....	8
QUE GASTOS SE PODEN FINANCIAR .....	9
COMO SOLICITAR O FINANCIAMENTO .....	10
COMO SE VAN AVALIAR OS PROXECTOS .....	13
QUEN AVALIARÁ OS PROXECTOS .....	14
DEFINICIÓN DO IMPORTE DE FINANCIAMENTO QUE SE OUTORGARÁ.....	15
COMO SE VAN SELECCIONAR OS PROXECTOS.....	15
COMUNICACIÓN, ACEPTACIÓN E PAGAMENTO DO FINANCIAMENTO .....	16
COMPROMISOS E OBRIGAS DAS PARTES.....	16
CALENDARIO E DATAS CLAVE DO PROCESO DE FINANCIAMENTO.....	18
MÁS INFORMACIÓN SOBRE ESTA CONVOCATORIA .....	19
CONTACTO.....	20

## OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O propósito xeral desta convocatoria é financiar iniciativas desenvolvidas por organizacións da sociedade civil que contribúan a promover os dereitos humanos, a liberdade, a solidariedade, a igualdade, a xustiza —incluída a xustiza de xénero—, a dignidade humana e outros dereitos da Carta de Dereitos Fundamentais da UE.

En concreto, financiaranse proxectos que contribúan á defensa, a protección e a promoción de dereitos en relación con, polo menos, unha das seguintes axendas temáticas:

- Dereito aos coidados
- Dereito á mobilidade humana
- Dereito á xustiza climática
- Dereito á xustiza de xénero e a diversidade
- Dereito á protección social
- Dereito ao emprego digno nun tecido produtivo xusto

Priorizaranse os proxectos que traballen dende unha lóxica interseccional con colectivos especialmente afectados polas desigualdades e a discriminación, como as mulleres, as persoas mozas, as persoas migrantes e outros colectivos, como persoas LGTBIQ+, persoas con diversidade funcional, minorías etc.

## DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria está dotada cun total de **490 083 €** distribuídos en 3 fondos por tramos de importe mínimo e máximo para financiar cada proxecto:

**Fondo 1:** o 33 % do total da convocatoria (163 361 €) destinarase a financiar proxectos por un importe de **entre 7 000 € e 15 000 €**.

**Fondo 2:** o 33 % do total da convocatoria (163 361 €) destinarase a financiar proxectos por un importe de **entre 15 001 € e 30 000 €**.

**Fondo 3:** o 33 % do total da convocatoria (163 361 €) destinarase a financiar proxectos por un importe de **entre 30 001 € e 60 000 €**.

Oxfam Intermón resérvase o dereito a axustar os importes destinados a cada fondo en función da cantidade e calidade dos proxectos recibidos e os importes solicitados.

## QUEN PODE PARTICIPAR

**Organizacións da sociedade civil** establecidas que levan a cabo a súa acción en territorio español, sen ánimo de lucro, non partidistas e que respecten os dereitos fundamentais e os valores da Unión Europea. Poden participar tanto organizacións constituídas formalmente (con rexistro) como non formalizadas (sen rexistro).

A convocatoria pón especial énfase en **organizacións pequenas e de base, así como movementos sociais**, ben do ámbito rural, ben do urbano.

## PARTICIPACIÓN EN VARIAS CONVOCATORIAS DE TECENDO DEREITOS: INCOMPATIBILIDADES

As organizáns que participen en máis dunha convocatoria de TECENDO DEREITOS poderán recibir en total un máximo de 60 000 € de financiamento entre as 3 convocatorias previstas.

As entidades que presentasen unha solicitude de financiamento na Convocatoria 2 de TECENDO DEREITOS poderán concorrer á presente convocatoria, sempre e cando o período de execución do proxecto formulado na presente convocatoria non se solape co proxecto financiado baixo a Convocatoria 2.

As organizáns que participasen na Convocatoria 1 e non recibisen financiamento, poderán participar na presente convocatoria, sempre e cando cumpran os requisitos relativos ao límite de ingresos anuais do último exercicio da entidade, establecidos no apartado **COMO SOLICITAR O FINANCIAMENTO**.

As organizáns que recibisen financiamento na Convocatoria 1, poderán participar na presente convocatoria, sempre e cando cumpran os requisitos relativos ao límite de ingresos anuais do último exercicio da entidade, establecidos no apartado **COMO SOLICITAR O FINANCIAMENTO**, e non superen o máximo de 60 000 euros de financiamento en global.

Para os efectos de determinar a incompatibilidade no caso de entidades irmadas, a incompatibilidade aplicarase a ambas as organizáns, tanto á entidade rexistrada formalmente como á que non o está.

## MODALIDADES DE PRESENTACIÓN

As organizáns poderán presentarse a esta convocatoria en dúas modalidades diferenciadas:

- **Modalidade Organización individual:**

Para organizáns da sociedade civil sen ánimo de lucro rexistradas en España baixo unha das diversas formas xurídicas existentes.

- **Modalidade Organizacións irmadas:**

Para movementos sociais e colectivos, así como organizáns non formalmente constituídas (sen rexistro) que desenvolvan as súas actividades en territorio español. Presentaranse xunto a unha organización rexistrada, que será quem presente a solicitude de financiamento e, en caso de que o proxecto sexa aprobado, será a organización que asinará o acordo de financiamento con Oxfam Intermón e deberá asegurar o cumprimento do devandito acordo. A alianza só se poderá establecer entre unha organización rexistrada e unha organización non constituída formalmente.

A presentación de propostas conxuntas por parte de dúas ou máis organizacións rexistradas formalmente, isto é, proxectos presentados en agrupación de entidades ou consorcios, non está prevista nesta convocatoria.

## REQUISITOS PARA SOLICITAR FINANCIAMENTO

As organizacións que presenten unha solicitude de financiamento, en calquera das dúas modalidades, deberán cumplir os seguintes requisitos no momento de presentar a súa solicitude:

- Estar aliñadas cos valores da Unión Europea<sup>1</sup>
- Estar constituídas formalmente como organizacións sen ánimo de lucro baixo as diversas modalidades existentes no marco legal español (asociación, fundación, cooperativa sen ánimo de lucro etc.)
- Promover a igualdade de xénero
- Desenvolver as súas actividades no territorio español
- Contar con polo menos 1 ano de existencia no momento da publicación desta convocatoria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e aquellas relacionadas coa Seguridade Social.

As organizacións que solicitan o financiamento deberán achegar, xunto co formulario de solicitude, a documentación que acredite o cumprimento destes requisitos.

Especificamente, **os documentos acreditativos que se deberán anexar** son os seguintes:

- Documento que acredite a inscrición da organización no rexistro correspondente
- Estatutos da organización (debidamente legalizados pola autoridade correspondente).
- Certificación da persoa representante legal da organización (certificado do rexistro correspondente ou, na súa ausencia, escritura notarial).
- Conta de resultados do último exercicio da entidade na que consten os ingresos anuais do último exercicio ou declaración de impostos (modelo 200). De non contar con ningún dos documentos anteriores, poderase presentar a declaración responsable de ingresos do último exercicio ([modelo](#)).
- Certificados da Axencia Tributaria e a Seguridade Social e, se for o caso, da administración tributaria autonómica correspondente, de estar ao corrente das súas obrigas. De non dispor destes documentos, poderase entregar a declaración responsable de estar ao corrente de pago das obrigas tributarias e da Seguridade Social ([modelo](#)).
- Certificado de titularidade bancaria a nome da entidade.
- Última memoria de actividades da organización (se a houber).

<sup>1</sup> Os valores da UE son aqueles que figuran no artigo 2 do Tratado da Unión Europea (que se fornece aquí transscrito en galego con fins informativos): «A Unión fundaméntase nos valores de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de Dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías. Estes valores son comúns aos Estados membro nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulheres e homes».

- Outra documentación relevante de xestión da organización (opcional para o Fondo 1 e 2; obligatorio para o Fondo 3)

Calquera outro tipo de documentación adicional presentado no marco desta convocatoria **non poderá ser valorado** no proceso de avaliación de propostas.

## PRAZO PARA PRESENTARSE Á CONVOCATORIA

Se a túa organización está interesada en participar nesta convocatoria, debes cubrir o formulario de solicitude antes do vindeiro **3 de xullo ás 23:59 h.**

## DURACIÓN DOS PROXECTOS

Os proxectos terán unha duración mínima de 6 meses e unha duración **máxima de 11 meses**, comprendida entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de novembro de 2025.

## NÚMERO DE PROXECTOS QUE SE PODE PRESENTAR

Co fin de fomentar o acceso ao financiamento ao maior número posible de organizacións da sociedade civil, só se financiará UN proxecto por organización. Por iso, as organizacións só poderán presentar un único proxecto.

## PRIORIDADES TEMÁTICAS DA CONVOCATORIA

Terán prioridade os proxectos que contribúan con polo menos unha das axendas temáticas que abrangue esta convocatoria:

En **Dereito aos coidados**, priorizaranse os proxectos que realicen as seguintes contribucións:

- Avanzar na mellora do marco normativo, de políticas ou da súa aplicación para fomentar a autonomía e a atención á dependencia, que garanta os dereitos das persoas en situación de dependencia ou con diversidade funcional.
- Promover o derecho aos coidados na sociedade, nos eidos público e político, incorporando a loita contra a desigualdade de xénero e as violencias contra as mulleres no ámbito dos coidados.
- A defensa, a protección e a promoción dos dereitos humanos das mulleres traballadoras do lar e os coidados, con especial atención aos dereitos laborais, incluíndo o apoio a iniciativas que fomentan condicións de traballo digno para traballadoras e traballadores do lar e os coidados.
- Avanzar na mellora do marco normativo existente que regula os dereitos dos colectivos que contribúen ao sistema de coidados e que afrontan maiores desigualdades, especialmente o colectivo das mulleres que traballan no sector dos coidados.

- Avanzar na mellora do marco normativo para facilitar as conciliacións, o maior equilibrio nos usos do tempo e unha mellor xestión dos coidados no eido laboral e promover iniciativas que favorecen a xestión colaborativa ou comunitaria dos coidados.

En **Dereito á mobilidade humana**, priorizaranse os proxectos que realicen as seguintes contribucións:

- A identificación e denuncia de vulneracións de dereitos das persoas migrantes e refuxiadas e a formulación de propostas de mellora sobre o marco normativo e a súa aplicación.
- O fortalecemento do diálogo dos movementos sociais con responsables da política e as institucións e a sensibilización da cidadanía e de axentes clave para favorecer a mobilización social en favor dos dereitos das persoas migrantes e refuxiadas.
- A loita contra os discursos de odio e o impulso de narrativas transformadoras para fazer fronte ao auxe de discursos contrarios aos dereitos para as persoas migrantes e refuxiadas, especialmente aqueles que se difunden mediante Internet e outros medios dixitais e favorecen a desinformación e a propagación de boatos e loiadas.
- A promoción do traballo en rede e a conexión de iniciativas de apoio mutuo nas que o obxectivo sexa a defensa dos dereitos humanos poñendo énfase na vida das persoas migrantes e refuxiadas.
- O acceso gratuíto de persoas migrantes e refuxiadas á atención xurídica, psico-social, laboral ou doutra índole que contribúan á defensa e protección efectiva dos seus dereitos.
- A loita contra o racismo, a discriminación racial, a xenofobia, o antixitanismo e outras formas conexas de intolerancia.

En **Dereito á xustiza climática**, priorizaranse os proxectos que realicen as seguintes contribucións:

- A creación de procesos e espazos que permitan asegurar a participación informada e de calidade das comunidades ou persoas afectadas pola posta en marcha de procesos de transición enerxética, como é o caso, por exemplo, da despregadura de enerxías renovables nos territorios.
- A promoción de espazos de articulación e diálogo entre os diferentes actores que se ven implicados nas políticas de transición ou accións que prioricen o liderado local, a inclusión e a igualdade de xénero.
- A sensibilización ou mobilización cidadá, ou a incidencia política sobre a xustiza climática (incluído o activismo xuvenil).
- A reflexión e a construcción de modelos alternativos aos que transitar, baseados en narrativas ecofeministas cunha participación ampla e diversa de actores e

disciplinas (conectando investigación académica, movemento climático e axentes culturais, intelectuais e artistas, entre outros axentes de cambio e transformación).

- A recollida de evidencias e a elaboración de propostas de políticas públicas para protexer e promover os dereitos de colectivos ou persoas ou territorios en situación de vulneración de dereitos en relación co cambio climático e a transición enerxética en España, e que teñan como obxectivo a incidencia, o diálogo político ou a sensibilización-mobilización social, tanto no ámbito virtual como no físico.

En **Dereito á xustiza de xénero e a diversidade**, priorizaranse\* os proxectos que contribúan a:

\* *Estas prioridades abordan a defensa, a protección e a promoción dos dereitos das mulleres e persoas das comunidades LGTBIQ+, dende un enfoque feminista interseccional, que recoñeza os múltiples aspectos e desigualdades que atravesan os corpos, incluídos o xénero, a súa expresión, a súa identidade e as orientacións sexuais, e as interseccións con outras desigualdades como a de clase, raza, situación administrativa, orixe, diversidade funcional ou idade, entre outras.*

- A prevención e a loita para eliminar as violencias patriarcais e a defensa e protección das vítimas e superviventes de todas as formas de violencia de xénero.
- A loita contra a feminización da pobreza e a precariedade e a eliminación ou a redución do impacto dos factores de desigualdade que interseccionan co xénero.
- Unha maior participación e incidencia das colectivas, os movementos e as organizacións feministas en espazos e procesos de toma de decisións a todos os niveis (local, autonómico e estatal) para impulsar políticas feministas.
- A loita contra a discriminación e o auxe dos discursos de odio e narrativas contrarias aos dereitos das mulleres e as persoas LGTBIQ+.
- Avanzar na mellora do marco normativo e de políticas públicas, así como na súa aplicación, para garantir a igualdade, a defensa, a protección e a promoción dos dereitos das persoas LGTBIQ+, así como a protección efectiva e a reparación fronte a discriminación e a violencia por LGTBIQfobia.
- Promover a visibilización e a posta en valor da diversidade sexual e de xénero na sociedade para a prevención da LGTBIQfobia e loitar contra a discriminación, a violencia e a exclusión por motivos de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

En **Dereito á protección social**, priorizaranse os proxectos que contribúan a:

- Avanzar na mellora do marco normativo ou da aplicación das políticas de garantías de ingresos, tanto das rendas de inserción autonómicas como do Ingreso Mínimo Vital (IMV), de xeito que se garanta o acceso de todas as persoas vulnerables a esta prestación.

- Acompañamento a persoas vulnerables nos procesos de solicitude de prestacións sociais como o IMV, as rendas de inserción autonómica ou as axudas para combater a pobreza enerxética, entre outras.
- Promover, sensibilizar ou mobilizar a cidadanía para influír no ámbito público e político sobre a necesidade de universalizar o sistema de protección social para non deixar ningún colectivoatrás.
- Accións comunitarias e participativas que involucren os colectivos destinatarios dos programas de protección social levados a cabo polas entidades, co obxectivo de promover a inclusión social. Sobre todo, teranse en conta as accións que incorporen un compoñente de influencia ou incidencia nas políticas públicas a nivel local, territorial ou estatal.
- Avalia ou analizar o impacto das políticas públicas en materia de protección social nos programas desenvolvidos por entidades sociais.

En **Dereito ao emprego digno nun tecido produtivo xusto**, priorizaranse proxectos que contribúan a:

- Identificar e denunciar a vulneración de dereitos laborais de persoas traballadoras.
- Proxectos de inserción laboral de persoas en situación de vulnerabilidade que inclúan o acompañamento, a orientación ou a formación de persoas en situación de desemprego.
- Creación de espazos de traballo en rede e apoio mutuo de persoas traballadoras, asalariadas ou por conta allea, que teñan como obxectivo avanzar no dereito ao emprego digno entre colectivos especialmente precarizados, como as persoas novas, as mulleres, as persoas migrantes ou as persoas do colectivo xitano, entre outros.
- Impulso do emprego digno nos novos nichos económicos, como a transición verde, a transición dixital, o emprego rural ou a economía dos cuidados.
- Impulso de emprendementos e proxectos da economía social que xeran emprego digno para persoas en situación de risco de exclusión social, como migrantes, persoas con diversidade funcional e outros colectivos en situación de precariedade.
- Fomento da xustiza económica e comercial a través da sensibilización e a mobilización cidadá para a acción colectiva contra a precariedade laboral, a promoción dos dereitos laborais e o emprego digno.

## QUE TIPO DE ACTIVIDADES SE PODEN FINANCIAR

- **Actividades de incidencia política** dirixidas a influír en políticas públicas e nos procesos de toma de decisións, incluídas a revisión, actualización ou adopción de políticas públicas e lexislación.

- **Accións de investigación ou análise** para contribuír á formulación de políticas públicas a varios niveis (europeo, estatal, autonómico ou local).
- **Actividades de sensibilización e difusión dos dereitos e valores** contemplados nos Tratados da UE e da Carta de Dereitos Fundamentais da UE entre o público xeral e actores clave (responsables en materia política, lexislativa ou xudicial, por exemplo) e actividades de comunicación e información pública mediante redes sociais.
- **Realización de actividades de asesoramento, vixilancia ou seguimento de políticas** da UE e dos dereitos e valores no marco dos Tratados da UE e a Carta de Dereitos Fundamentais da UE.
- **Organización de plataformas e diálogos cívicos** relacionados cos dereitos e valores da UE.
- **Formación de coalicións e asociacións** entre organizacións da sociedade civil ou accións de coordinación e cooperación estratéxica entre organizacións da sociedade civil e outros axentes clave ou actores públicos ou privados.
- **Accións de fortalecemento da aplicación de leis** e regulamentos en vigor e da xurisprudencia.
- **Actividades de atención directa a colectivos e persoas** en situación de vulneración de dereitos.
- **Actividades formativas, de sensibilización** ou de intercambio e aprendizaxe mutua sobre litixio estratéxico. Non se poderá financiar ningunha actividade de litixio estratéxico non relacionada coas citadas anteriormente.

As actividades desenvolvidas baixo esta convocatoria deberanxe levar a cabo en España.

## QUE GASTOS SE PODEN FINANCIAR

Na presente convocatoria, financiarase o 100 % do importe aprobado para financiar o proxecto; por iso, o presuposto do proxecto non debe incluír cofinanciamento. Ademais, nesta convocatoria existe unha prohibición expresa sobre o dobre financiamento das actividades previstas nos proxectos baixo calquera outro instrumento financeiro con cargo ao presupuesto da Unión Europea.

Calquera contratación, compra, colaboración ou prestación de servizo ha de realizarse consonte a lexislación española.

Os conceptos de gasto que se pueden financiar (gastos elixibles) son:

- ✓ **Gastos de persoal contratado** (nóminas, incluíndo a achega á Seguridade Social da persoa traballadora, así como da empresa, e o IRPF).
- ✓ **Gastos de alugueres** para realizar as actividades.

- ✓ **Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención** precisos para realizar as actividades. Os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención fóra da Unión Europea non poderán ser financiables nesta convocatoria.
- ✓ **Gastos de material funxible** como, por exemplo, gastos de fotocopias, material de oficina, material para obradoiros e mais eventos etc.
- ✓ **Gastos de compra de equipos.** En caso de precisar mercar equipos informáticos ou outro tipo de equipamento, cómpre explicar a súa necesidade para a implementación do proxecto. Inclúense os gastos de aluguer de equipos.
- ✓ **Gastos de contratación de servizos externos**, como, por exemplo, gastos de edición, maquetación ou tradución de informes, gastos de servizos de consultoría, servizos de *catering* para eventos etc. Cómpre ter en conta que, malia ser financiable a contratación de servizos externos, agárdase que sexan as organizacións solicitantes as que desenvolvan e leven a cabo o proxecto.
- ✓ **Outros gastos precisos** para realizar a actividade.

Os conceptos que non se poden financiar (gastos non elixibles) son:

- ✗ Gastos non relacionados directamente co proxecto.
- ✗ Gastos declarados e finanziados noutras subvencións.
- ✗ Impostos, no caso de que a organización os deducise ou reembolsase con anterioridade (IVA).
- ✗ Xuros debidos, débedas e outros cargos relacionados coa débeda, provisións de gastos etc.
- ✗ Gastos excesivos ou superfluos. Considérase excesivo o gasto que supera en gran medida a contía precisa para acadar o obxectivo proposto. Considérase superfluo un gasto que non é preciso para acadar o obxectivo proposto.
- ✗ Outros gastos que poidan resultar non elixibles consonte a normativa da Unión Europea.

## COMO SOLICITAR O FINANCIAMENTO

Para realizar a solicitude de financiamento para un proxecto, debes seguir **4 pasos**:

**PASO 1.** Fai clic en <https://tejiendoderechos.oxfamintermon.org/login-peticion/>e, a continuación:

- **Se a túa organización xa está rexistrada:** accede á zona privada coas credenciais (se esqueciches o contrasinal, podes restauralo premendo en: «Esqueciches o contrasinal?»). Unha vez dentro da área privada, verás un apartado anunciando a apertura da Convocatoria 3.

- **Se a túa organización non está rexistrada:** cubre o formulario de rexistro. A continuación, recibirás un correo de confirmación do rexistro cunha ligazón para establecer o contrasinal. Entra coas credenciais de acceso á zona privada e, unha vez nela, preme sobre o apartado que anuncia a Convocatoria 3.

### **PASO 2. Identifica en que modalidade te vas presentar.**

Escolle a opción «Organización individual» se te vas presentar nesta modalidade. Se vas presentar unha solicitude da man dun movemento social, un colectivo ou unha organización non rexistrada, escolle a opción «Organizacións irmadas». Lembra que as organizacións que non estean formalmente rexistradas non poden solicitar o financiamento se non as acompaña unha entidade formalizada.

### **PASO 3. Responde as preguntas previas e comproba que Fondo (1, 2 ou 3) se aplica á túa organización para saber que importe mínimo e máximo podes solicitar.**

Despois de escoller a modalidade, despregarase un cuestionario onde poderás revisar o cumprimento dos requisitos por parte da túa organización, así como comprobar que Fondo poderá solicitar a túa organización. Poderás realizar este cuestionario as veces que quieras; só se rexistrarán as túas respuestas ao premeres «Solicitar financiamento».

Só poderás solicitar financiamento no Fondo asignado á túa organización, consonte os requisitos especificados nas bases da Convocatoria. No caso de que te presentes na modalidade de «Organizacións irmadas», os requisitos de asignación do Fondo só se aplicarán á organización rexistrada.

Os requisitos para acceder a cada fondo son:

#### **Requisitos para o Fondo 1** para financiar proxectos de entre 7000 € e 15 000 €

- A organización deberá dispoñer duns **ingresos anuais inferiores a 70 000 €** no último exercicio.

#### **Requisitos para o Fondo 2** para financiar proxectos de entre 15 001 € e 30 000 €

- A organización deberá dispoñer duns ingresos anuais de **entre 70 000 € e 150 000 €** no último exercicio.

#### **Requisitos para o Fondo 3** para financiar proxectos de entre 30 001 € e 60 000 €

- A organización deberá dispoñer duns **ingresos anuais de entre 150 001 € e 600 000 €** no último exercicio.
- A organización deberá achegar polo menos un documento de xestión interna. O documento de xestión interna que achegue pode estar relacionado coa integridade ou a transparencia, entre outras cuestións. A modo de exemplo, pódense achegar estes documentos, aínda que tamén poden ser outros: o código de conducta da entidade, o código ético, o plan de igualdade, as auditorías da entidade, o documento de contabilidade ou,

como alternativa, calquera outro documento similar que avale a xestión ou os mecanismos de xestión interna da entidade.

- As entidades con ingresos anuais superiores a 600 000 € no último exercicio non poderán participar na presente convocatoria.

#### **PASO 4. Cubre o formulario de solicitude e anexa os documentos acreditativos dos requisitos**

En función do Fondo para o que te vayas presentar, abriráselle o formulario de solicitude de financiamento correspondente. Lembra que podes descargar en [Word](#) as preguntas do formulario para poder preparar previamente a solicitude, mais **só poderás presentar a solicitude de financiamento mediante o formulario en liña<sup>2</sup>** habilitado na túa zona privada da web TECENDO DEREITOS.

Non tes que cubrir o formulario de vez. Podes cubrilo por partes e gardalo para poder seguir outro día con outras seccións. Tamén podes facer as correccións que precisas no formulario dende a túa zona privada da web de TECENDO DEREITOS, á que poderás acceder co teu nome de usuario e chave de acceso.

**Cando remates de encher todo o formulario e de anexar a documentación (ver documentos que debes incluír en [REQUISITOS PARA SOLICITAR FINANCIAMENTO](#)), e queiras presentalo para solicitar financiamento, deberás premer o botón «[Enviar a solicitude de financiamento](#)».**

Unha vez presentado, recibirás un correo electrónico de confirmación do envío ao enderezo de correo que nos facilitaches no rexistro da túa organización. Despois de enviar a solicitude, poderás consultar o formulario presentado, así como o estado da túa solicitude dende a túa zona privada.

Lembra que o **prazo para presentar a solicitude de financiamento remata o 3 de xullo ás 23:59 h.** A partir deste momento, o formulario de solicitude deixará de estar dispoñible.

**Recomendámosche que non agardes ata o último momento para presentar a solicitude!**

Non se aceptarán solicitudes presentadas fóra de prazo nin presentadas por outros medios (como o correo electrónico). Se tes dificultades para cubrir o formulario en liña ou tes dúbdas sobre a convocatoria ou as bases, podes poñerte en contacto connosco en [financiacion.tejiendoderechos@oxfamintermon.org](mailto:financiacion.tejiendoderechos@oxfamintermon.org) e ofrecerémosche o noso apoio.

<sup>2</sup>Por motivos de eficiencia, o formulario en liña estará dispoñible únicamente na súa versión en castelán. Porén, as propostas poderán formularse en calquera lingua cooficial.

## COMO SE VAN AVALIAR OS PROXECTOS

Os proxectos avaliaranse atendendo a 3 criterios, de acordo cos cales cada proxecto poderá obter unha puntuación máxima de 100 puntos:

- 1) Relevancia (40 puntos)
- 2) Calidade e coherencia (40 puntos)
- 3) Impacto (20 puntos)

Para poder aspirar a financiamento, o proxecto deberá obter **un mínimo de 70 puntos** sobre 100. A continuación, detállanse os elementos que se van valorar dentro de cada criterio e a puntuación máxima que se pode obter para cada un deles.

### Criterio de relevancia:

A máxima puntuación para este criterio é de **40 puntos** sobre 100. Para poder aspirar a financiamento, os proxectos deberán obter un mínimo de 25 puntos para este criterio.

Aliñamento do proxecto cunha ou máis prioridades temáticas das axendas de dereitos da convocatoria.	20 puntos
Identificación do contexto no que se desenvolverá o proxecto e relevancia da problemática social que aborda o proxecto á luz do contexto.	5 puntos
Descripción e coñecemento do colectivo ou persoas ás que se dirixe o proxecto e da situación de vulneración de dereitos que sufren. Valorarase que o proxecto traballe con colectivos especialmente afectados polas desigualdades e a discriminación, como mulleres, persoas mozas, persoas LGTBIQA+, persoas con diversidade funcional, minorías etc. Valoraranse de forma positiva as organizacións lideradas polos colectivos aos que se dirixe o proxecto.	5 puntos
Experiencia da organización na problemática social e a situación de vulneración de dereitos dos colectivos e as persoas no ámbito de actuación do proxecto.	7 puntos
Co fin de aumentar o alcance das convocatorias de TECENDO DEREITOS e promover a participación e a diversidade de organizacións participantes, puntuaranse de forma adicional aquelas organizacións que non recibisen financiamento en convocatorias anteriores de TECENDO DEREITOS.	3 puntos

### Criterio de calidade e coherencia:

A máxima puntuación para este criterio é de **40 puntos** sobre 100.

Claridade da lóxica do proxecto e identificación clara dos obxectivos, resultados e actividades previstos. Valorarase positivamente que o proxecto incorpore o enfoque de xustiza de xénero dende unha perspectiva interseccional.	15 puntos
Estratexia sólida e viable para levar a cabo as actividades previstas polo proxecto no período de execución previsto.	10 puntos
Orzamento axeitado e xestión eficiente dos recursos para a implementación do proxecto.	5 puntos
Descripción clara e concisa de fontes de verificación que permitan medir o progreso e os resultados obtidos polo proxecto.	10 puntos

### Criterio de impacto:

A máxima puntuación para este criterio é de **20 puntos** sobre 100.

Enfoque participativo e inclusivo para involucrar a actores clave e os colectivos e persoas en situación de vulneración de dereitos para que poidan reclamar e defender os seus dereitos.	10 puntos
Potencial do proxecto para xerar un impacto positivo e sostible alén do alcance directo e inmediato das accións emprendidas.	5 puntos
Incorporación de formas e enfoques innovadores na implementación do proxecto.	5 puntos

## QUEN AVALIARÁ OS PROXECTOS

As propostas de proxecto recibidas serán avaliadas de xeito paralelo e independente polo equipo de TECENDO DEREITOS e por un equipo alleo a Oxfam Intermón utilizando os criterios descritos no apartado anterior.

O equipo externo estará formado por persoas coñecedoras das axendas de defensa de dereitos desta convocatoria e do tecido asociativo vencellado ao traballo nelas. A súa participación na avaliación de proxectos asegurará que o proceso conte cunha maior calidade, obxectividade e fiabilidade.

Garantirse, en todo o proceso de avaliación, que non haxa conflito de interese de ningunha das persoas que participen na valoración dos proxectos, ben sexan do equipo de TECENDO DEREITOS, ben sexan do equipo externo de avaliación.

## DEFINICIÓN DO IMPORTE DE FINANCIAMENTO QUE SE OUTORGARÁ

Durante o proceso de valoración das propostas de proxecto, analizarase e avaliarase a coherencia do orzamento presentado en relación coa proposta técnica e a elixibilidade dos gastos incluídos no devandito orzamento. Esta análise ten o dobre obxectivo de, por unha banda, valorar se o orzamento é axeitado e eficiente no uso dos recursos para a implementación e, por outra banda, establecer o importe exacto que se financiará no caso de que o proxecto sexa seleccionado.

Para valorar se o orzamento é axeitado e mais eficiente no uso dos recursos para a implementación, valorarase que:

- a estrutura do orzamento sexa axeitada e acorde coas actividades e o obxectivo do proxecto; os gastos estean suficientemente detallados para realizar a devandita valoración;
- os gastos sexan razonables e xustificados para a realización do proxecto, e
- os gastos estean incluídos dentro do período de execución do proxecto.

Para establecer o importe exacto que se financiará, no caso de que o proxecto sexa seleccionado, realizaranse as seguintes comprobacións e, se corresponde, aplicaranse os axustes pertinentes no orzamento que se financiará:

- Eliminaranse os gastos erroneamente duplicados, se os houber.
- Eliminaranse os gastos superfluos ou non precisos para a execución do proxecto, se os houber.
- Se houber conceptos de gasto sobreestimados ou subestimados en relación co prezo habitual no mercado, propoñerase corrección ou axuste.

En caso de necesidade de axuste do orzamento para financiar con respecto ao importe solicitado pola organización ou en caso de necesidade de aclaracións, Oxfam Intermón poñerase en contacto coa organización durante o proceso de valoración.

## COMO SE VAN SELECCIONAR OS PROXECTOS

Os proxectos que obteñan no proceso de avaliación unha puntuación inferior a 70 puntos non serán considerados para poder finanziarse. A listaxe final de proxectos que se financiarán elaborarase a partir da listaxe de proxectos con 70 puntos ou máis.

En primeiro lugar, a selección farase atendendo á puntuación obtida e os fondos dispoñibles para cada tramo de financiamento (ver [DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA CONVOCATORIA](#)), os cales serán asignados por orde de puntuación de maior a menor de entre os proxectos presentados en cada axenda de dereitos da convocatoria. O número de proxectos que se financiarán para cada axenda de dereitos será proporcional ao número de solicitudes recibidas para cada axenda.

Financiarase o 100 % do importe aprobado para financiar (ver [DEFINICIÓN DO IMPORTE DE FINANCIAMENTO QUE SE OUTORGARÁ](#)) para cada proxecto que se seleccione, e non se requirirá cofinanciamento.

En segundo lugar, após aplicar a selección segundo os criterios expostos anteriormente de relevancia, calidade e impacto, aplicarase un criterio complementario para asegurar o equilibrio e a diversidade territorial.

Oxfam Intermón resérvase o dereito a que as entidades que recibisen fondos en convocatorias anteriores de TECENDO DEREITOS non representen unha porcentaxe significativa sobre o total de entidades seleccionadas na presente convocatoria, co fin de fomentar o alcance das convocatorias de TECENDO DEREITOS e promover a participación e a diversidade de organizacións.

Por último, Oxfam Intermón resérvase o dereito a non adxudicar todos os fondos dispoñibles nesta convocatoria, en función da valoración das propostas recibidas.

## COMUNICACIÓN, ACEPTACIÓN E PAGAMENTO DO FINANCIAMENTO

Entre os meses de novembro e decembro do 2024, comunicarase ás organizacións se o seu proxecto foi seleccionado e o importe exacto do financiamento obtido.

As organizacións cuxo proxecto fose seleccionado procederán a asinar un Acordo de colaboración con Oxfam Intermón. Unha vez asinado o acordo por ambas as partes, procederase a realizar o primeiro pago, pola cantidade que se definiu no acordo (ver ~~¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.~~  
~~¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.~~).

As organizacións cuxo proxecto non fose seleccionado, se o desexan, poderán solicitar un retorno da avaliación do seu proxecto escribindo [financiacion.tejiendoderechos@oxfamintermon.org](mailto:financiacion.tejiendoderechos@oxfamintermon.org).

## COMPROMISOS E OBRIGAS DAS PARTES

As organizacións cuxos proxectos sexan finanziados nesta Convocatoria e Oxfam Intermón establecerán un marco de colaboración baseado na confianza e o respecto mutuo e rexido dende un enfoque de horizontalidade nas relacións.

Este marco de colaboración materializarase na **sinatura dun Acordo** no que se detallarán, entre outros aspectos, os compromisos e obrigas que asumen ambas as partes. A continuación, descríbense os compromisos más relevantes:

**Oxfam Intermón asumirá, entre outros, os seguintes compromisos e obrigas:**

- **Financiar o 100 % do orzamento aprobado** dos proxectos que sexan seleccionados no marco desta convocatoria e nos termos que recolla o acordo de colaboración que se asine de común acordo entre ambas as partes.
- **Avanzar un pagamento inicial ás organizacións antes do inicio do proxecto**, segundo o establecido de común acordo entre as partes, sendo en todo caso por un importe de entre un 50 % e un 90 % do importe total finanziado.
- **Realizar un seguimento coa organización da implementación do proxecto financiado**, ben sexa de forma virtual, ben presencial, dende un enfoque de

horizontalidade e confianza mutua e potenciando a aprendizaxe para a mellora continua. O seguimento poderá incluír, segundo proceda, tanto aspectos técnicos de implementación do proxecto como aspectos de xestión deste.

- **Ofrecer un itinerario de acompañamiento individualizado para a aprendizaxe colectiva**, segundo sexa definido de mutuo acordo con cada organización partindo da realización dun autodiagnóstico de capacidades, e co fin de maximizar o impacto do proxecto financiado. O itinerario de acompañamiento complementará o seguimento da implementación dos proxectos.
- **Asegurar a protección de datos persoais** das organizacións finanziadas e das persoas participantes nos proxectos implementados, así como **protexer a confidencialidade dos datos ou do material**, en calquera forma, que sexa identificada como «información sensible» polas partes.
- **Informar sobre as actividades e mais eventos de aprendizaxe colectiva e traballo en rede que se realicen no marco de TECENDO DEREITOS** que poidan ser de interese para a organización, así como promover a súa participación nos devanditos espazos.
- **Comunicar, no marco de TECENDO DEREITOS, os proxectos financiados e as accións e resultados obtidos pola organización na implementación do proxecto financiado** e, cando sexa acordado, proporcionar apoio e asesoramento á organización en aspectos comunicativos deste.

As organizacións cuxo proxecto sexa financiado deberán asumir, entre outros, os seguintes compromisos e obrigas:

- Levar a cabo o proxecto garantindo en todo momento o **respecto dos valores da Unión Europea**.
- **Informar a Oxfam Intermón sobre a evolución do proxecto e facilitar as visitas de seguimento de Oxfam Intermón** ao proxecto, así como participar nelas. Especialmente, informar sobre calquera evento ou circunstancia que impacte na realización do proxecto.
- **Facilitar, durante a acción ou tras a súa realización, calquera información requerida por Oxfam Intermón ou a UE** co obxecto de verificar a implementación do proxecto e o cumprimento das obrigas no marco do Acordo de colaboración. Concretamente, **achegar a documentación e os recursos de información necesarios** sobre a realización das actividades previstas e a consecución de resultados, así como **entregar un informe final de execución do proxecto como máximo 1 mes despois da finalización**. O informe final será en formato narrativo sobre a realización do proxecto e a consecución de resultados, e achegaranse os documentos de fontes de verificación correspondentes.
- **Gardar e custodiar a documentación relativa a facturas, pagamentos, nóminas e relacionada con outros gastos (Seguridade Social, IRPF, IVE etc.) durante cando menos 10 anos**, que se contarán dende a finalización do proxecto, consonte a

lexislación vixente. Igualmente, os gastos do proxecto deben quedar reflectidos na contabilidade da entidade. No caso de que unha organización non estea capacitada para garantir esta custodia de 10 anos, poderá remitir a devandita documentación a Oxfam Intermón, que será quen garantirá a custodia.

- **Evitar calquera conflito de interese na selección das persoas participantes do proxecto financiado**, así como cumplir a lexislación en materia de protección de datos.
- **Participar nas actividades e procesos do itinerario de acompañamento individualizado** co fin de maximizar o impacto do proxecto financiado, segundo acordo entre Oxfam Intermón e a organización.
- **Asegurar a visibilidade da Unión Europea nas accións** financiadas comprometéndose a incluír nas accións de comunicación das actividades realizadas ou dos resultados obtidos, así como nos equipos adquiridos grazas ao financiamento, mediante o emblema e a bandeira da Unión Europea, xunto aos cales se indique a orixe do financiamento e a exención de responsabilidade (*disclaimer*), como se indica a continuación:



Esta actividade está sufragada polo proxecto Tecendo Dereitos (WakeUpRights) financiado pola Unión Europea e Oxfam Intermón no marco do programa Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV) da Unión Europea.

As opinións e os puntos de vista expresados só comprometen os seus autores e autoras, e non reflicten necesariamente os da Unión Europea, a Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA) nin os de Oxfam Intermón, polo que nin a Unión Europea, nin a EACEA, nin Oxfam Intermón poden ser considerados

Oxfam Intermón facilitará apoio á organización para resolver dúbidas sobre a correcta aplicación da visibilidade da UE.

## CALENDARIO E DATAS CLAVE DO PROCESO DE FINANCIAMENTO

A continuación, preséntase un resumo das datas clave do proceso en relación co financiamento de actividades a organizáns, que debes ter en conta:

Datas clave	Proceso
<b>3 de maio de 2024</b>	Apertura da convocatoria.
<b>3 de xullo de 2024</b>	Peché da convocatoria e fin da recepción de solicitudes. O prazo expira o 3 de xullo ás 23:59 h.
<b>Novembro de 2024</b>	Comunicación ás organizáns sobre resultados da selección dos proxectos.

Datas clave	Proceso
<b>Decembro de 2024</b>	Elaboración e sinatura dos Acordos de colaboración entre as organizacións seleccionadas e Oxfam Intermón.
<b>Entre decembro e xaneiro de 2025</b>	Primeiro pagamento do financiamento dos proxectos ás organizacións.
<b>1 de xaneiro de 2025</b>	Data dende a cal poden iniciarse os proxectos financiados.
<b>Xaneiro de 2025 (data por precisar)</b>	Reunión informativa de Oxfam Intermón coas organizacións financiadas sobre o proceso de seguimento e acompañamento.
<b>Entre xaneiro e marzo de 2025</b>	Realización de autodiagnóstico de capacidades co apoio de Oxfam Intermón e acordo sobre o obxectivo e as actividades para o proceso de acompañamento.
<b>Entre o 1 de xaneiro e o 31 de novembro de 2025</b>	Realización de actividades de seguimento do proxecto por parte de Oxfam Intermón, en formato virtual ou presencial, segundo acordo. Despregadura e realización das actividades definidas no proceso de acompañamento, segundo acordo.
<b>30 de novembro de 2025</b>	Data límite de finalización dos proxectos financiados.
<b>31 de decembro de 2025</b>	Data límite de entrega do informe final en formato narrativo e das fontes de verificación que demostren que as actividades se levaron a cabo. No caso de proxectos que finalizasen antes do 30 de novembro de 2025, o informe deberase entregar un mes despois da finalización do proxecto.

## MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTA CONVOCATORIA

Esta convocatoria enmárcase no programa «Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores» (CERV), posto en marcha pola Unión Europea. O obxectivo do programa CERV é sostener e desenvolver sociedades abertas, baseadas en dereitos, democráticas, igualitarias e inclusivas, fundamentadas no Estado de Dereito. Isto inclúe unha sociedade civil dinámica e empoderada que fomente a participación democrática, cívica e social das persoas e cultive a rica diversidade da sociedade europea apoiándose nos nosos valores comúns, a nosa historia e a nosa memoria.

Se queres saber máis sobre o Programa CERV da Unión Europea, preme [aquí](#).

## CONTACTO

Se tes algunha pregunta, podes poñerte en contacto connosco por medio do seguinte enderezo de correo: [financiacion.tejiendoderechos@oxfamintermon.org](mailto:financiacion.tejiendoderechos@oxfamintermon.org)